

Normas das actividades extraescolares para o curso 2024-2025

PARA A INSCRICIÓN:

A partir do luns 26 de agosto, ábrese o período de inscrición para as actividades extraescolares para o presente curso 2024-2025. **Ata o día 23 de setembro**, inclusive, pódese cubrir o formulario ou mandar as inscricións ao correo anpaseisdonadal@hotmail.com, ou ben depositalas físicamente no buzón da ANPA.

O período de actividades abrangue dende **setembro/ outubro do 2024 ata o 13 de xuño de 2025**. Os días lectivos nos que se desenvolverán as actividades coincidirán cos do calendario escolar do centro.

Para realizar unha actividade extraescolar será necesario facerse socio/a da ANPA. Ademais, será **imprescindible abonar o seguro escolar**.

Poderán participar nas actividades extraescolares os alumnos matriculados no colexio, así como os antigos alumnos que pasen a ESO. O alumnado externo **soamente** poderá matricularse naquelas actividades que se realicen coas familias.

No caso de que nalgunha actividade se sobrepase o cupo permitido farase a selección mediante orde de inscrición.

PAGO E CONDICIÓNS DE BAIXA:

O **prezo** das actividades está calculado para ser **igual todos os meses do curso**, independentemente das vacacións, festivos ou baixas por enfermidade do monitor/a ou do neno/a.

As actividades pagaranse ao monitor/a correspondente antes do día 7 de cada mes.

Os nenos/as que decidan abandonar a actividade deberán **comunicalo na ANPA antes do día 20** do mes anterior **a súa baixa**. Os que non o fagan así deberán abonar o seguinte mes.

DURANTE O CURSO:

As familias deben facilitar ao monitor/a un teléfono de contacto operativo mentres o neno esté na actividade para así poder contactar con elas se fose necesario, ademais de avisalo/a dalgunha situación que requira especial atención (pais/nais con problemas de custodia, etc.).

Os nenos/as que asistan ás actividades deberán chegar con **puntualidade**, de xeito que cada monitor/a os poida acompañar ata o aula correspondente. Por seguridade, o centro non permite que as familias entren no colexio pola tarde, polo que no caso de non chega en hora o/a neno/a quedaría sen facer a actividade.

As familias tamén deberán ser puntuais nas horas de recollida. De non ser así, e en caso de reincidencia, valorarase dar o neno/a de baixa.

As familias son responsables de **avisar ao monitor/a** en caso de que a persoa de recollida non sexa a mesma que o deixa. En caso necesario, terán que cubrir a folia de consentimento que lle facilitará ao monitor/a.

Os nenos/as que vaian ó ximnasio deberán traer outro calzado para poder cambiarse.

ENTRADAS E SAÍDAS:

Actividade	Porta
Actividades adultos	1
Baile Galego/ pandeireta e canto	1
Baile moderno	1
Ballet	1
Iniciación ao deporte	1
Kung Fu	1
Música	1
Pequechef	5
Robótica	1
Teatro	1
Ximnasia Rítmica	1
Baloncesto	3
Inglés/Francés	6
Pintura/ Taller creativo	6
Xadrez	6
Surf	Portalón taxis
Iniciación a maxia	1
Ludoteca	1
Linguaxe de signos	1

No caso dos nenos/as que asistan a actividade de Surf, deberán ser as familias as encargadas de asegurarse de que collan o autobús (entrada polo portalón de taxis).

Soamente poderán saír do centro os nenos e nenas de 5º e 6º de Primaria que estén debidamente autorizados polas súas familias
(Modelo de autorización a continuación e a vosa disposición na ANPA)



AUTORIZACION SAIDA DO ALUMNADO SEN ACOMPAÑANTE

Eu, pai/nai/titor-a legal _____ con
DNI.....do/alumno/a.....
....., matriculado/a no curso 5º/6º de Educación
Primaria no CEP Plurilingüe Seis do Nadal para este curso escolar, AUTORIZO a que
poida sair do centro educativo unha vez rematadas as actividades extraescolares sen
persoa adulta acompañante, exonerando de toda responsabilidade a ANPA do CEIP
Seis do Nadal e aos monitores/as responsables das actividades extraescolares.

En Vigo, a de _____ de 20__

A/O nai/pai/titor-a legal

Asd:.....

